



Acordo do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2016 polo que se modifica a Normativa sobre permisos e licenzas do persoal docente e investigador (Aprobada por acordo do Consello de Goberno de 3 de abril de 2008)

O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, veñen de introducir numerosas novidades no réxime relativo ás vacacións, licenzas e permisos, o que fai necesario unha revisión da normativa interna da Universidade da Coruña que foi aprobada polo Consello de Goberno o 3 de abril de 2008, e que ven sendo interpretada por distintas instrucións da vicerreitoría da Profesorado e Planificación Docente.

Tendo en conta esta obriga de adaptar á normativa vixente a regulación interna que afecta ao persoal docente e investigador (PDI), funcionario e contratado, é necesario comezar a correspondente negociación cos órganos de representación do PDI. Como primeiro paso, e antes da aprobación dunha norma interna completa sobre o asunto, propónse a adaptación dos efectos económicos das licenzas para os efectos de docencia e investigación, co fin de fomentar as estadias de longa duración e a participación en programas de financiamento co menor custe retributivo posible para o PDI, respectando en calquera caso os marxes establecidos polo artigo 86 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

O Consello de Goberno na súa reunión do 22 de decembro de 2016 acordou a modificación da Normativa sobre permisos e licenzas do persoal docente e investigador (Aprobada por acordo do Consello de Goberno de 3 de abril de 2008) nos seguintes aspectos:

Redacción actual

“1.4. Retribucións nas licenzas por docencia e investigación

Se a duración da licenza é igual ou superior a un mes e menor de tres meses, o solicitante poderá percibir a totalidade das súas retribucións

Se a duración da licenza é igual ou superior a tres meses e cando non supere o ano, o solicitante percibirá o 80 % das súas retribucións.

As licenzas de duración superior a un ano non darán lugar ao recoñecemento de retribución.

A concesión dunha licenza para docencia e investigación non comportará, en ningún caso, indemnización ningunha adicional polos gastos que ocasione a estadia noutros centros nacionais ou estranxeiros.”

Nova redacción

1.4. Retribucións nas licenzas para os efectos de docencia e investigación

-Se a duración da licenza é menor de tres meses, o solicitante poderá percibir a totalidade das súas retribucións.

-Se a duración da licenza é igual ou superior a tres meses e sempre que esta non supere o ano, o/a solicitante percibirá o 80 % das súas retribucións a partir do remate do terceiro mes de licenza.

Considerarase como licenza igual ou superior a tres meses aquela que, sumadas ás desenvolvidas no mesmo curso académico, superen dito período. Para este cómputo non se terán en conta as licenzas que non excedan de 10 días naturais.



O mes de agosto non interrompe a licenza para os efectos de docencia e investigación e non computa para os efectos de reducións de retribucións nas licenzas inferiores a un ano.

-As licenzas de duración superior a un ano non darán lugar ao recoñecemento de retribucións durante a totalidade do período que se autoriza.

A concesión dunha licenza para docencia e investigación non comportará, en ningún caso, indemnización ningunha adicional polos gastos que ocasione a estada noutros centros nacionais ou estranxeiros.

Entrada en vigor

Este acordo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2017